

Aki Shimazaki

Fuki-no-tô



Deambulo polo pequeno bosque de bambús.

Estamos a principios de marzo. Na sombra aínda queda neve aquí e acolá. Camiño devagar pola terra húmida. As camelias encarnadas co corazón amarelo aparecen por entre os vellos bambús dun verde agrisado. É unha beleza simple e serena que me gusta desde cativa.

Herdei do meu pai este terreo coa casa e os campos situados máis arriba. Téñolle cariño a este lugar salvaxe e tranquilo, e gustaríame deixalo como está. Porén, chegou o momento de limpalo para permitir que medren novos bambús. Do contrario, converterase nunha espesura impenetrable, e ao final a operación sairame moi cara. Cómpre actuar axiña.

Nacín en M., unha cidade próxima a U., vila onde agora vivo co meu marido e os nosos fillos.

O meu pai era asalariado. Cando eu tiña dez anos, dimitiu e comprou a casa e as terras nesta vila. Soñaba con se facer granxeiro. Chamoulle á granxa Tomo, forma abreviada do seu nome, Tomohiko. Os meus pais, que seguían vivindo en M., ían á granxa en coche. Durante a miña adolescencia tiña que lles axudar no campo as fins de semana e durante as vacacións escolares.

Son filla única. O meu pai tratábame coma un rapaz e aprendíame a usar apeiros mecánicos e pesadas máquinas, como o arado de rella e o cultivador. Plantaba tubérculos: ravo branco xaponés, cenoria, pataca, remolacha e bardana. Construíu un invernadoiro grande para as verduras de folla, sobre todo para as espinacas. A miña nai esforzábase por acostumarse á vida agrícola, mais non parecía moi feliz.

A granxa Tomo ía ben. Evidentemente, o meu pai quería que eu o sucedese. Porén, tras o instituto fun estudar comercio a Nagoya nun *tandai*<sup>1</sup>. Dado que esta metrópole estaba bastante lonxe de M., vivía na residencia universitaria. A vida urbana cativábame, e quería seguir vivindo nesa gran cidade.

Unha vez finalizados os estudos, atopei un emprego na revista *N.* en Nagoya. Tal e como esperaba, destináronme ao servizo comercial. Foi alí onde coñecín o meu marido, un dos redactores. Tiña vinte e seis anos cando casei con el. Ao ano seguinte, naceu a nosa filla e, tres anos despois, o noso fillo.

Cando aínda viviamos en Nagoya, o meu pai morreu dun cancro de fígado. Naquela época comecei a botar de menos a vida no campo. Como a miña nai xa non quería ser granxeira, decidín facerme cargo da granxa Tomo, mais ao meu xeito. Pensaba dedicala á agricultura biolóxica. Ao principio só ía á vila as fins de semana cos nenos, pero pouco a pouco empecei a ir tamén entre semana, sen eles. O meu marido reuníase alí comigo de cando en cando para me axudar.

A vida é imprevisible. Igual que fixera o meu pai, o meu marido deixou a súa empresa de repente, despois de dedicarlle catorce anos. Fundou a súa propia revista en M., a miña cidade natal, e instalámonos aquí, na vila de U.

Os negocios de ambos van ben. Agardo que así sexa até a nosa xubilación. Neste momento encárgome eu mesma da contabilidade e doutras tarefas de oficina, o cal me esgota. Preciso dunha axudante. Xa puxen un anuncio na revista do meu marido e, até o de agora, presentáronse tres

---

1 As palabras en cursiva encóntranse recollidas nun glosario ao final da obra. (Nota da autora.)

candidatas, que, por desgraza, non acababan de encaixar. Sigo esperando, pois, a que chegue a persoa ideal.

Saio do bosque de bambús. Comeza a poñerse o Sol. Son case as seis, debo preparar a cea. Logo de dar algúns pasos, mentres miro a montaña, oio a voz do meu marido:

–Atsuko!

Vírome cara a el, que baixa polo camiño. Mitsuo aínda vai con traxe e gravata. Esta tarde invítárono a unha recepción na casa do concello de M. Ao achegarse a min, dedícame un sorriso relaxado:

–Os nenos teñen fame! E eu tamén!

Quedo mirando a súa cara. Crúzame pola mente a imaxe dunha muller: a amante que tivo hai algúns anos. Nunca llo dixen a Mitsuo, mais vin esta ex-amante unha vez diante do apartamento onde vivía. «Faláballe» ao seu fillo mudo, claramente mestizo. Parecía ter arredor de catro anos, coma o noso propio fillo. A nai levaba un vestido de andar pola casa de cor beixe. Chocáranme a súa beleza e a súa sensualidade.

Pregúntolle a Mitsuo:

–Que che gustaría comer esta noite?

–Podería preparar arroz con curry.

Á fin sorrió:

–Os nenos estarán encantados. Imos?

–Agarda!

Busca algo no peto da chaqueta:

–Teño unha boa nova para ti.

–Máis candidatas para o posto de axudante?

–Pois si. Recibín unha chamada pouco antes de saír do despacho.

–É a cuarta persoa. Espero que sexa a miña última entrevista!

–Pola súa maneira de falar parecíame moi correcta  
–prosegue.

–É moi nova?

–Non. Pola voz imaxino que terá uns trinta anos. Chámase señora Enju.

–Enju? Nunca oín ese apelido.

–Eu tampouco.

Entrégame un papel no que anotou o número de teléfono e o nome Fukiko Enju. O nome está escrito en *hiragana*, e o apelido, en *kanji*. Engade:

–Este *kanji*, «槐», é difícil de ler. Explicoume que é o nome dunha árbore que se emprega a miúdo para fabricar as máscaras de teatro nô.

–Que interesante. Onde vive?

–Iso non cho sei.

Penso nos brotes de bambú. A principios de maio apañáremoslos xunto coa parella de veciños anciáns que contrato cando é necesario. O seu sabor e a súa calidade seguen sendo excelentes. As vendas aumentan de ano en ano. Esta tempada volveremos estar moi ocupados. Deseño de verdade que esta candidata sexa a boa.

Logo de dar uns pasos, exclamo:

–Mira alí! Hai *fuki-no-tô*!

Mitsuo ve as xemas dun verde amarelado que saen por entre as follas mortas e húmidas. É a primeira vez que os atopamos aquí. Entusiasmada, invítooo a recollelos canda min.

–Esta noite tamén comeremos tempura de *fuki-no-tô*, cariño.

–Boa idea!

Comezo a colleita explicándolle que os *fuki* dan flores tanto masculinas coma femininas, coma as das espinacas.

–De verdade? Non o sabía! –asómbrase.

Encántanlle os pecíolos e as follas de *fuki*, que recordan o ruibarbo. Ensínolle con orgullo como crecen estas plantas. Cada raíz dá primeiro unha flor, despois os talos saen de maneira horizontal baixo a terra. A continuación, estes producen pecíolos que saen da terra e acaban por botar unha única folla cada un. Intrigado, Mitsuo preguntame:

–E os talos permanecen baixo a terra todo o tempo?

–Si, non se ven.

–Son duros?

–Son, coma as raíces.

–Que curioso. Os talos subterráneos son comestibles?

–Non, non! Son tóxicos para as persoas.

Mitsuo arranca un *fuki-no-tô* retorcéndoo. Os seus longos dedos afeitados ao traballo de oficina son torpes. O seu traxe e gravata, que non son apropiados para un lugar coma este, evocan de novo a súa ex-amante.

–Que coincidencia –di Mitsuo.

–Perdón?

Desconcertada, boto unha rápida ollada ao seu rostro.

–A candidata chámase Fukiko. Tes que a contratar!

–búrlase de min.

